



## PROTOCOLO DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES

A complicada situación sanitaria que estamos a vivir, derivada da COVID-19 fai que sexa preciso desenvolver unha serie de actuacións que farán que as actividades do Concello de Coiros cumpran as condicións sanitarias en vigor. Por iso amosamos un pequeno protocolo para levalas a cabo coa maior seguridade posible.

### As liñas xerais de actuación seguirán os seguintes principios:

1. As persoas responsables da execución das actividades e o Concello velarán pola seguridade da actividade mediante o adecuado cumprimento de todos os protocolos e normas de seguridade establecidos.
2. As actividades deportivas realizaránse íntegramente no polideportivo municipal por ser un espazo mais amplo e adaptado á práctica deportiva garantindo a distancia entre participante. Para as que se realizen nos centros culturais, o aforo será mais reducido.
3. Reforzanse as medidas de limpeza e ventilación dos espazos por parte do Concello.

### Medidas de hixiene e responsabilidade persoal das persoas participantes:

- Tódalas persoas deberán usar **máscara**, tanto en actividades culturais como deportivas e en tódolos espazos públicos.
- Á chegada ó centro onde se realiza a actividades, haberá **desinfectante de mans** que deberán usar tódalas persoas que accedan á instalación.
- Interactuarán entre sí mantendo a distancia mínima de seguridade de dous metros.
- Deberán **responsabilizarse da súa situación particular fronte á COVID-19**, de tal forma que se alguén presenta sintomatoloxía asociada (febre, tose, dificultade respiratoria, malestar) non acudirá á actividade e contactará coa persoa responsable no Concello.

### Outras medidas de prevención:

- Estableceránse zonas diferenciadas para depositar os obxectos persoais.
- Será preciso que cada persoa, despois de cada uso, realice a **desinfección dos materiais individuais** que facilita o Concello, polo que haberá desinfectantes para facilitar esta limpeza.
- **As persoas que acompañan** a nenos e nenas ás actividades, non poderán permanecer na instalación durante o desenvolvemento das mesmas. No caso do polideportivo, a entrada realizarase pola escaleira da entrada compartida co campo de fútbol e a saída polo portalón lateral que da acceso á pista. No caso do centro social, a entrada pola porta principal e a saída pola porta traseira.

**Moitas grazas por colaborar**